



## Axudas para a mobilidade nacional do persoal adscrito ao Campus Industrial de Ferrol

### 1. OBXECTO

Esta acción pretende incentivar a formación continua do persoal adscrito ao Campus Industrial de Ferrol (CIF) mediante a súa mobilidade nacional. Así, preténdese fomentar con estas axudas a participación do persoal investigador do Campus Industrial de Ferrol en proxectos no marco de convocatorias nacionais e internacionais, e iniciar colaboracións con outras entidades universitarias ou empresariais a nivel nacional. Espérase incentivar con esta convocatoria ademais as mobilidades nacionais das persoas investigadoras que se atopen nas etapas iniciais da súa carreira investigadora (pre-doutorais, pos-doutorais).

A duración mínima das actividades financiadas nesta convocatoria, será dun mes. En casos excepcionais, a Comisión de Avaliación poderá valorar a realización de estancias por prazo inferior a este para aqueles casos que inclúan a execución de accións de especial relevancia e interese fundamental para o desenvolvemento dun proxecto ou investigación, sendo imprescindible a xustificación posterior do traballo realizado durante a visita e a contribución notoria aos indicadores do Campus Industrial de Ferrol.

### 2. FINANCIAMENTO

O financiamento desta convocatoria, por un importe máximo de 10.000 €, efectuarase con cargo á aplicación 2024 0902 422D (proxecto 00865), do orzamento do Campus Industrial de Ferrol para o ano 2024.

O financiamento será de 2.000 € máximo por mobilidade, a razón de 1.000 € como máximo por mes.

Para os efectos do cálculo da axuda final, os máximos para xustificar os conceptos de aloxamento e mantemento serán os correspondentes aos publicados no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, e a normativa autonómica nesa materia, ata un importe máximo de 1.000 € por mes e cun importe total máximo por estancia de 2.000 €.

### 3. REQUISITOS

Para poder participar nesta convocatoria as persoas solicitantes deberán estar adscritas ao CIF e poderán ser membros permanentes, non permanentes ou en formación. As persoas solicitantes disporán de conta ORCID activa.

No momento da solicitude da axuda as persoas solicitantes deberán presentar o seu CV actualizado.

Estas axudas están destinadas a cubrir total ou parcialmente os gastos de viaxe, aloxamento e manutención das persoas beneficiarias que realicen as mobilidades en territorio nacional.

As datas de realización da mobilidade estarán comprendidas entre o 12 de marzo e o 15 de outubro de 2024 (debido ao período de xustificación da axuda e os prazos internos de tramitación).

Os mesmos gastos que se imputen a esta axuda non poderán ser xustificados noutros proxectos, fondos, etc., con todo, si pode complementarse a cantidade restante non financiada con outras axudas.

### 4. FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES

Código Seguro De Verificación	WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/05/2024 14:05:42	
Observacións		Páxina	1/9	
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==</a>			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



A solicitude incluirá a seguinte documentación:

1. Anexo 1. Solicitude. A solicitude incluirá unha breve descrición da actividade que se vai a desenvolver, resultados esperados e aliñación coas liñas estratéxicas do Campus Industrial de Ferrol.
2. Carta de invitación da entidade ou institución na que se realizará a mobilidade.
3. CV detallado

A solicitude de axuda realizarase enviando a documentación requirida (Anexo I) ao correo electrónico [internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal).

Ademais, poderá presentarse en calquera dos rexistros que indica o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten por procedementos distintos dos previamente especificados resultarán excluídas.

A presente convocatoria permanecerá aberta durante todo o ano mentres haxa orzamento dispoñible e estéase en prazo para a tramitación, en función das datas para realización de estancias establecidas no apartado 3.

Realizarase unha reunión mensual de avaliación das propostas recibidas. A avaliación das solicitudes de axuda realizarase seguindo as instrucións que figuran no apartado 5.

## 5. SELECCIÓN

Só se financiarán as solicitudes aliñadas directamente coas liñas estratéxicas do Campus Industrial de Ferrol, que son as seguintes:

- Robótica industrial.
- Materiais.
- Optimización de procesos industriais.
- Enxeñería naval e offshore.
- Xestión industrial.
- Desenvolvemento de produto.

Concederase financiamento para unha única mobilidade por solicitante e anualidade. Excepcionalmente, poderá concederse unha segunda ou sucesivas mobilidades con financiamento, se na resolución previa ao mes no que terá lugar a segunda ou sucesivas visitas, quedasen aínda fondos para financiar as visitas adicionais solicitadas.

Se houberse que discriminar entre máis dunha solicitude valorarase o impacto dos resultados esperados, considerando prioritarios aqueles impactos que se traduzan en proxectos en convocatorias nacionais ou internacionais, patentes ou resultados protexibles, publicacións, presentacións en congresos, actividades formativas ou atracción de alumnado.

## 6. COMISIÓN DE SELECCIÓN

As solicitudes serán avaliadas segundo os requisitos expostos nesta convocatoria por unha Comisión de Selección composta polas seguintes persoas:

1. Ana Isabel Ares Pernas, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
2. Marcos Míguez González, director do Campus Industrial de Ferrol.
3. Andrés Piñón Pazos, coordinador da Comisión de Docencia.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/05/2024 14:05:42
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





4. María Eugenia Díaz Caneiro, técnico de internacionalización do Campus Industrial de Ferrol.

Realizarase polo menos unha reunión mensual de avaliación das propostas recibidas.

A Comisión poderá solicitar información adicional ao persoal investigador no caso de que o considere necesario.

## 7. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

Publicarase unha listaxe das solicitudes aprobadas cada mes na páxina web do Campus Industrial de Ferrol. Ademais, a avaliación da Comisión será comunicada por correo electrónico á persoa solicitante.

No momento en que se esgote o orzamento disposto para esta convocatoria indicarse na páxina web do Campus Industrial de Ferrol.

## 8. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán notificar a súa aceptación ou renuncia mediante un escrito dirixido ao correo electrónico [internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal), redactado conforme o Anexo II.

O prazo para a aceptación ou renuncia será de cinco días hábiles, que contarán a partir da comunicación por correo electrónico. De non aceptar neste prazo, entenderase que a persoa beneficiaria renuncia á axuda.

A aceptación da axuda implica a aceptación das condicións de execución, obrigas e xustificación, segundo o establecido na presente convocatoria.

## 9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigacións das persoas beneficiarias desta axuda:

1. Dispoñer de conta ORCID activa e presentar CV detallado actualizado.
2. Seguir as instrucións para a filiación ao Campus Industrial de Ferrol que se indican no Manual de identidade corporativa dispoñible na páxina web do Campus Industrial de Ferrol.
3. Incluír o mérito no seu CV detallado.

Tras a realización da mobilidade e no prazo máximo de 10 días tras a mesma, a persoa investigadora solicitante da axuda enviará ao correo electrónico [internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal) a seguinte documentación:

- Breve memoria das actividades realizadas e dos resultados obtidos, conforme ao modelo do Anexo III, no que se incluír documentación gráfica acreditativa (fotografías, capturas de pantalla, vídeos etc.)/ etc.), é dicir, evidencias xustificativas da actividade que ademais poidan ser empregadas para difusión nas RRSS do Campus Industrial de Ferrol.
- Certificado de fin de estancia que incluír como mínimo os datos indicados de forma orientadora no modelo do Anexo IV do presente documento.
- Todos os xustificantes de gasto (facturas de hotel, factura de avión, tickets de autoestrada etc.)/ etc.) a nome da persoa beneficiaria da axuda.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	WSqg40RVydp/nLWyl/L4DQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/05/2024 14:05:42
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydp/nLWyl/L4DQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydp/nLWyl/L4DQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





O incumprimento destas obrigacións dará lugar á perda do dereito á axuda.

## 10. PAGAMENTO

O pagamento das axudas farase por transferencia bancaria á conta indicada pola persoa beneficiaria.

No marco do previsto no RD 462/2002, a tramitación desta axuda realizarase como axuda de custo sen retención, tratándose por tanto de rendas exentas.

## 11. INCUMPRIMENTO

A eventual ocultación ou o falseamento de datos, así como o incumprimento total ou parcial dos requisitos e obrigas establecidos nesta resolución e nas demais normas aplicables, ou das condicións que, no seu caso, establézanse nas correspondentes resolucións de concesión, darán lugar á revogación da axuda, o que implicará o reintegro das cantidades percibidas na súa totalidade e a prohibición á persoa investigadora adscrita ao Campus Industrial de Ferrol responsable da solicitude para solicitar novas axudas na mesma anualidade.

## 12. COMPATIBILIDADE E RENUNCIAS

Esta axuda é compatible con calquera outra complementaria para cubrir a totalidade do gasto.

No caso de recibir outra axuda, o importe da mesma limitarase ao importe resultante de restar o montante da outra axuda ao previsto nesta convocatoria.

A desadscrición ao Campus Industrial de Ferrol no prazo de execución desta axuda das persoas investigadoras que formularsen a solicitude, dará lugar á cancelación da axuda.

## 13. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou RGPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do taboleiro oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e á limitación do seu

<b>Código Seguro De Verificación</b>	WSqg40RVydp/nLWyl/L4DQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/05/2024 14:05:42
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	4/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydp/nLWyl/L4DQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydp/nLWyl/L4DQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001 da Coruña ou ao correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal), coa referencia "protección de datos", a través dun escrito asinado para o efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal).

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Ana Isabel Ares Pernas.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/05/2024 14:05:42
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	5/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





## ANEXO I

## Solicitud de axuda do Campus Industrial de Ferrol para mobilidade nacional

Dirección de envío da Solicitud: [internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal)

Datos da persoa solicitante			
Nome e apelidos			
NIF		ORCID	

<input type="checkbox"/>	PDI funcionario
<input type="checkbox"/>	PDI laboral
<input type="checkbox"/>	Estudante
<input type="checkbox"/>	Outro:

DATOS DA MOBILIDADE			
Institución de destino			
País de destino			
Datas previstas	Inicio		Fin

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA	
<input type="checkbox"/>	Carta de invitación da institución de destino
<input type="checkbox"/>	CV actualizado

BREVE DESCRICIÓN DA ACCIÓN QUE SE DESENVOLVERÁ

ÁMBITOS ESTRATÉXICOS DO CIF COS QUE SE ALIÑA A ACTIVIDADE PROPOSTA, E INDICACIÓN DOS RESULTADOS ESPERADOS		
Ambito estratéxico	Resultado esperado	
<input type="checkbox"/>	Robótica industrial	Proxectos en convocatorias nacionais
<input type="checkbox"/>	Materiais	Proxectos en convocatorias internacionais
<input type="checkbox"/>	Optimización de procesos industriais	Actividades formativas nacionais
<input type="checkbox"/>	Enxeñería naval e offshore.	Actividades formativas internacionais
<input type="checkbox"/>	Xestión industrial	Publicacións
<input type="checkbox"/>	Desenvolvemento do produto	Outros (especificar)

<input type="checkbox"/>	<b>SÍ</b>	Autorizo a publicación dos datos persoais relacionados coa tramitación desta convocatoria, conforme ao que establece a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
<input type="checkbox"/>	<b>NO</b>	

Firma da persoa solicitante

Fecha

Código Seguro De Verificación	WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/05/2024 14:05:42
Observacións		Páxina	6/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





## ANEXO II

## Aceptación o renuncia de la axuda, y confirmación de otras ayudas para el mismo fin

Datos da persoa beneficiaria			
Nome e apelidos		NIF	

Ao aceptar a axuda, a persoa beneficiaria:

- Declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da axuda que se lle concede.
- Comprométese a cumprir as normas da convocatoria e desenvolver a actividade que se estimou merecedora da axuda, así como a devolver o importe percibido en caso de incumprimento.

Aceptación ou renuncia	
<input type="checkbox"/>	Acepto a axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria.
<input type="checkbox"/>	Renuncio á axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria.

Confirmación de fondos complementarios para o mesmo fin. Confirmo que	
<input type="checkbox"/>	<b>NON</b> conto con fondos complementarios para o mesmo fin.
<input type="checkbox"/>	<b>SI</b> conto con fondos complementarios para o mesmo fin, achegados polo proxecto ou grupo de investigación indicado a continuación:
Grupo de investigación:	
Proxecto:	
Outros:	

Firma da persoa beneficiaria

Fecha

Código Seguro De Verificación	WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/05/2024 14:05:42
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydP/nLWyl/L4DQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





## ANEXO III

## MEMORIA DA ESTADÍA

OBXECTIVOS
DESCRICIÓN
IMPACTO / RESULTADOS

**EVIDENCIAS** (Se procede: fotografías, programas, carteis, vídeos etc.)/ etc.)

<b>Código Seguro De Verificación</b>	WSgg40RVydP/nLWyl/L4DQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/05/2024 14:05:42
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	8/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/WSgg40RVydP/nLWyl/L4DQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/WSgg40RVydP/nLWyl/L4DQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		







## Anexo IV

## CERTIFICADO DE ASISTENCIA

Isto é para certificar que Don/Dona

\_\_\_\_\_, da Universidade da  
Coruña - Campus Industrial de Ferrol (España)

pasou un período de tempo como profesor visitante/investigador en

\_\_\_\_\_ (organización,  
departamento, cidade, país)

De \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ (datas da actividade)

*(Especifique as actividades se aplica)*


Lugar e data \_\_\_\_\_

Nome do signatario e posición

\_\_\_\_\_

Firma

Selo

<b>Código Seguro De Verificación</b>	WSqg40RVydp/nLWyl/L4DQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/05/2024 14:05:42	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	9/9	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydp/nLWyl/L4DQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/WSqg40RVydp/nLWyl/L4DQ==</a>			
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			